



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias xuño 2018**

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia neste mes de xuño do ano 2018 acadou a cifra de 1.006.499 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de maio de 2018 de 8.407 afiliacións (un 0,84%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.006.990, rexistrando un incremento do 0,48% con respecto ao pasado mes de maio.

Na comparativa interanual (xuño de 2018 con xuño de 2017) obsérvase un comportamento similar, é dicir, un incremento de 26.621 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,72%), e un incremento do 3,11% (573.883 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de maio deste ano 2018, rexístranse descensos en Andalucía (-0,77%) e Murcia (-0,29%), presentando crecemento no número de afiliacións medias todas as demais entre as que destacan: Illes Balears (4,37%), Castilla La Mancha (1,83%), Extremadura (1,49%) e Aragón (1,46%).

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos atopámoslos en: Comunitat Valenciana, Canarias, Madrid, Navarra, Illes Balears, Andalucía e Murcia (todas elas con taxas superiores ao 3%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 3,11%.


**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2018	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>19.006.990</b>	<b>91.322</b>	<b>0,48</b>	<b>573.883</b>	<b>3,11</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.006.499</b>	<b>8.407</b>	<b>0,84</b>	<b>26.621</b>	<b>2,72</b>
Andalucía	3.063.710	-23.654	-0,77	93.585	3,15
Aragón	575.920	8.296	1,46	14.221	2,53
Asturias	364.035	1.403	0,39	3.228	0,89
Illes Balears	568.689	23.821	4,37	18.481	3,36
Canarias	791.293	767	0,10	31.079	4,09
Cantabria	216.688	2.272	1,06	5.670	2,69
Castilla La Mancha	694.272	12.458	1,83	17.062	2,52
Castilla y León	916.561	7.283	0,80	15.741	1,75
Cataluña	3.426.476	32.568	0,96	96.648	2,90
Comunitat Valenciana	1.860.427	3.782	0,20	73.555	4,12
Extremadura	395.547	5.821	1,49	4.131	1,06
Madrid	3.133.386	7.882	0,25	119.976	3,98
Murcia	583.861	-1.685	-0,29	17.193	3,03
Navarra	282.065	319	0,11	10.533	3,88
País Vasco	953.783	1.674	0,18	20.338	2,18
La Rioja	128.932	346	0,27	3.691	2,95
Ceuta e Melilla	44.844	-440	-0,97	2.129	4,98

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 3,76%, o que supón 12.775 afiliacións máis, seguida de A Coruña e Ourense, ambas cunha taxa interanual do 2,21%. A provincia con menor incremento relativo é Lugo, onde se rexistraron 2.347 afiliacións máis que en xuño de 2017, un incremento relativo do 1,95%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xuño con respecto ás do mes de maio de 2018, rexistrouse un incremento en Galicia do 0,84%. Todas as provincias amosan un dato positivo presentando os maiores incrementos Pontevedra (1,31%) con 4.556 afiliados máis e Ourense (0,86%) con 877 afiliacións máis que en maio de 2018.

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2018	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	428.738	1.940	0,45	9.272	2,21
LUGO	122.408	1.034	0,85	2.347	1,95
OURENSE	103.027	877	0,86	2.227	2,21
PONTEVEDRA	352.326	4.556	1,31	12.775	3,76
<b>GALICIA</b>	<b>1.006.499</b>	<b>8.407</b>	<b>0,84</b>	<b>26.621</b>	<b>2,72</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>19.006.990</b>	<b>91.322</b>	<b>0,48</b>	<b>573.883</b>	<b>3,11</b>


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,6% das afiliacións galegas en xuño de 2018, incrementáronse un 1,02% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,74%. En España estas taxas foron do 0,50% con respecto a maio de 2018 e do 3,56% en relación ao mes de xuño de 2017. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,0%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas aínda que é Pontevedra a que amosa un descenso máis moderado (-0,01%). O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,60%. Para este réxime e con respecto ao mes de maio de 2018, estas taxas son porén positivas en A Coruña, Ourense e Pontevedra, mentres que Lugo amosa unha taxa do -0,01%. Temos así unha taxa do 0,27% para o conxunto de Galicia. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación positiva nos datos con respecto a maio de 2018 (0,37%) e unha variación interanual tamén positiva con respecto a xuño de 2017 (1,09%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a xuño de 2017 son moi negativas en Lugo (-3,02%); sendo a taxa galega do 0,52%, inferior ao dato de España (1,14%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a maio de 2018) temos comportamentos negativos, agás en Pontevedra, e a taxa galega amosa un aumento do 0,21% con respecto a maio de 2018. A taxa nacional é do 2,60%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN XUÑO 2018	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	428.738	0,45	2,21
LUGO	122.408	0,85	1,95
OURENSE	103.027	0,86	2,21
PONTEVEDRA	352.326	1,31	3,76
GALICIA	1.006.499	0,84	2,72
ESPAÑA	19.006.990	0,48	3,11
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	336.386	0,53	2,98
LUGO	85.734	1,23	3,37
OURENSE	78.057	1,07	3,47
PONTEVEDRA	271.050	1,55	4,89
GALICIA	771.227	1,02	3,74
ESPAÑA	15.664.100	0,50	3,56
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	86.603	0,19	-0,56
LUGO	35.166	-0,01	-1,12
OURENSE	24.970	0,20	-1,53
PONTEVEDRA	67.537	0,55	-0,01
GALICIA	214.276	0,27	-0,60
ESPAÑA	3.273.558	0,37	1,09
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.748	-0,03	0,33
LUGO	1.508	-0,33	-3,02
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.739	0,37	1,01
GALICIA	20.995	0,21	0,52
ESPAÑA	67.081	2,60	1,14

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>